

**CENTRO INFORMÁTICO PARA  
A XESTIÓN TRIBUTARIA,  
ECONÓMICO-FINANCEIRA  
E CONTABLE**

*Corrección de erros.-Resolución do 21 de abril de 2005 pola que se convocan probas selectivas para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo de analistas programadores deste organismo, polo sistema de acceso libre.*

Advertido erro na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 100, do xoves 26 de maio de 2005, é necesario facer a seguinte corrección:

Na páxina 9.122, punto 2º, alínea 2.1, letra c), onde di: «Estar en posesión do título académico de enxeñeiro en informática, enxeñeiro técnico en informática de sistemas, diplomado en informática, licenciado universitario ou diplomado en físicas ou matemáticas, antes do final do prazo de presentación de solicitudes», debe dicir: «Estar en posesión do título académico de enxeñeiro en informática, enxeñeiro técnico en informática de sistemas, diplomado en informática, licenciado universitario ou diplomado en físicas, matemáticas ou telecomunicacións, antes do final do prazo de presentación de solicitudes».

Na páxina 9.123, alínea 3.3, no referente ao prazo de presentación de solicitudes, os 20 días naturais contaránse a partir do día seguinte ao da publicación desta corrección de erros no *Diario Oficial de Galicia*.

**EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS  
E SERVIZOS HIDRÁULICOS**

*Resolución do 10 de maio de 2005 pola que se anuncia a convocatoria de tres prazas de persoal laboral fixo para a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.*

En cumprimento da Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e de acordo co Decreto 125/1996, do 7 de marzo, polo que se aproban os estatutos da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, co seu Regulamento de selección e contratación de persoal deste ente público, e coas facultades que teño conferidas polos estatutos citados; e logo do informe favorable emitido conxuntamente polas consellerías da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e de Economía e Facenda,

**RESOLVO:**

Convocar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da empresa pública de Obras

e Servizos Hidráulicos de acordo coas seguintes bases da convocatoria:

1ª Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir tres (3) prazas de administrativo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

O número total de vacantes reservadas ao sistema de promoción interna ascenderá a unha (1) praza.

O número total de vacantes reservadas ao sistema de acceso libre ascenderá a dúas (2) prazas.

As prazas sen cubrir das reservadas ao sistema de promoción interna acumularanse ao sistema de acceso libre.

Os aspirantes so poderán participar nun dos dous sistemas.

Por non acadárense as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33 %.

1.2. O procedemento de selección será o concurso-oposición, coas probas, exercicios, sistemas de cualificación, temario, baremación e relación de méritos que se especifican nestas bases.

1.3. O primeiro exercicio da oposición realizarase transcorrido, como mínimo, un (1) mes desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) da presente convocatoria, expoñéndose a data deste exercicio así como dos seguintes no taboleiro de anuncios da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña), e no lugar da realización das probas.

1.4. Os aspirantes os que lle sexan adxudicadas as prazas serán contratados en réxime de laboral fixo e a resolución dos nomeamentos dos candidatos seleccionados como persoal laboral fixo na categoría convocada farase pública na sede do ente público.

1.5. A formalización do contrato e a incorporación definitiva dos seleccionados producirase segundo as necesidades da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Mentres non se formalice o contrato correspondente, os aspirantes non terán dereito ningún fronte á empresa.

2ª Requisitos mínimos de admisión dos candidatos.

2.1. Para promoción interna:

-Estar en posesión ou en condicións de obter o título de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

-Non estaren separados do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atopárense inhabilitados por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

-Os aspirantes deberán ser persoal laboral fixo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e pertenceren o día da publicación desta convocatoria no *Diario Oficial de Galicia* á categoría de auxiliar administrativo, e ter unha antigüidade de, polo menos, dous (2) anos nesta categoría.

## 2.2. Para acceso libre:

-Ser español ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e dos nacionais dalgún Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un (21) anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

-Ter cumpridos os dezaioito (18) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.

-Estar en posesión ou en condicións de obter o título oficial de bacharelato, formación profesional de segundo grao ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión de documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

-Posuír a capacidade funcional física e psíquica para o desempeño das tarefas e funcións correspondentes á vacante á que se opta, para o que presentará un certificado médico acreditativo se resulta seleccionado.

-Non estar separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estaren sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

2.3. Todos os requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de incorporarse a ocupar a praza logo do asinamento do correspondente contrato.

### 3ª Coñecementos necesarios para cubrir os postos.

O programa de temas que corresponde ás prazas convocadas e que rexerá no proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos contense no anexo I da presente resolución.

### 4ª Solicitudes.

4.1. Quen desexe tomar parte no concurso-oposición deberá presentar solicitude, en instancia axustada ao modelo que figura como anexo II desta resolución, xuntando ademais:

-Fotocopia do DNI.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacio-

nalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de viviren ás expensas ou estaren a cargo do nacional doutro Estado co que teñan o dito vínculo. Así mesmo, deberán achegar declaración xurada ou promesa deste de que non está separado de dereito do seu cónxuxe e, de ser o caso, do feito de que o aspirante vive ás expensas ou está ao seu cargo.

-Xustificante emitido pola entidade bancaria que corresponda, de ter pagados os dereitos de exame no prazo establecido para a presentación de instancias, ou, de ser o caso, fotocopia cotexada da cualificación de minusvalidez ou fotocopia compulsada da documentación que acredite ser membro de familia numerosa, para os efectos da exención prevista nestas bases.

-Documento xustificativo de estar en posesión do curso de perfeccionamento de galego ou estudos equivalentes, debidamente homologados pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, para os efectos da exención prevista no cuarto exercicio.

-Documentación acreditativa, se é o caso, dos méritos que se aleguen para a súa valoración, ben orixinal ou fotocopia cotexada. A experiencia acreditarase cun historial completo emitido pola Tesouraría Xeral da Seguridade Social e mais o certificado de empresa, copia cotexada de nóminas ou dos contratos de traballo.

4.2. Rexeitaranse todas aquelas instancias que non acheguen os documentos acreditativos dos requisitos exixidos para o acceso ao concurso-oposición e mais o aboamento dos dereitos de exame ou, se é o caso, xustificante de exención deles. Non se admitirán copias simples para acreditar méritos ou cumprir requisitos.

4.3. O prazo de presentación de solicitudes será de dez (10) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación da presente convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. As solicitudes, dirixidas ao presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, presentaranse no rexistro xeral do ente público (rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña) ou por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

4.4. De conformidade co disposto na Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa Lei 13/2004, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2005, como requisito previo para participar no proceso selectivo deberán aboarse previamente, en concepto de dereitos de exame, o importe de vinte e oito euros con nove céntimos (28,09 €) e, se é o caso, os gastos de transferencia correspondentes, empregando para iso o impreso de autoliquidación sinalado no anexo III.

O impreso de autoliquidación de taxas poderá recoñecerse nos servizos centrais da Xunta de Galicia, en calquera delegación de todas as consellerías e nas dependencias da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

-Consellería de Medio Ambiente; código: 15.

-Delegación de servizos centrais; código: 13.

-Servizo de empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos; código de servizo: 13.

-Taxa: denominación inscrición na convocatoria para a selección de administrativo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos; código: 300300.

4.5. A non-presentación do xustificante do ingreso das taxas, no que figure o selo da entidade bancaria, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do aspirante. En ningún caso a presentación do xustificante de pagamento dos dereitos de exame suporá a substitución do trámite de presentación en tempo e forma da solicitude.

4.6. O importe satisfeito en concepto de dereitos de exame devolveráselle, logo dos trámites correspondentes, aos aspirantes excluídos que o soliciten.

4.7. A empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos reservará para si a facultade de comprobar a veracidade dos documentos achegados polos aspirantes.

4.8. O enderezo que figura nas instancias considerase como o único válido para os efectos das notificacións, sendo responsabilidade do aspirante tanto un erro na súa consignación como a comunicación á empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos de calquera cambio nel.

4.9. A presentación de solicitudes supón a aceptación incondicionada das bases reguladoras da convocatoria.

#### 5ª Discapacidades.

5.1. Para a realización da oposición a comisión de selección desta establecerá, para as persoas con minusvalidez que o demandasen e acreditasen coa solicitude de admisión ao proceso selectivo, as adaptacións posibles de tempos e medios.

5.2. Estarán exentos do pagamento das taxas por dereitos de exame os que posúan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, circunstancia que deberá ser acreditada documentalmentemente xunto coa instancia, presentando copia cotexada da minusvalidez. Estarán tamén exentas as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial; no caso de membros de categoría xeral terán unha bonificación do 50%.

5.3. Se no desenvolvemento do proceso selectivo se suscitasen dúbidas á comisión de selección respecto á capacidade dos aspirantes con algunha discapacidade para o desempeño das funcións correspondentes aos postos de traballo convocados, poderá solicitar o correspondente ditame do órgano competente da comunidade autónoma.

#### 6ª Admisión de aspirantes.

6.1. Esgotado o prazo de presentación de solicitudes, nos dez (10) días seguintes e por mandato do presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, expoñerase no taboleiro de anuncios deste ente público a lista provisional de admitidos e excluídos do proceso selectivo; respecto destes últimos, farase constar na devandita lista a causa da súa exclusión.

6.2. Os aspirantes excluídos poderán presentar reclamación coa documentación complementaria que estimen oportuna perante o presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos no prazo de dez (10) días, contados a partir do seguinte ao da publicación da lista provisional de admitidos e excluídos, para poder emendar, se é o caso, o defecto que motivase a exclusión. Para tal efecto, a estimación ou desestimación das ditas peticións de emendas entenderanse implícitas na resolución pola que se publique a lista definitiva.

6.3. Os erros de feito poderanse emendar en calquera momento, ben de oficio ben por instancia do interesado.

6.4. Unha vez transcorrido o dito prazo, o presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos ditará resolución coa lista definitiva de admitidos e excluídos, fronte á que se poderá interpoñer, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da publicación da lista, recurso potestativo de reposición perante o presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, segundo o previsto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

A citada resolución será exposta, para os efectos de publicidade, no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos, xunto coa indicación do lugar, data e hora na que comezarán as probas, ás que deberán asistir os candidatos provistos de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, ao xuízo da comisión de selección.

6.5. O feito de figuraren na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza aos interesados a posesión dos requisitos exixidos no procedemento que se convoca mediante a presente resolución. Cando da documentación que se debe presentar no caso de superar o procedemento selectivo se desprenda que non posúen algún dos requisitos, os interesados decaerán en todos os dereitos que puideran derivar da súa participación neste procedemento.

#### 7ª Comisión de selección.

7.1. A selección será efectuada por unha comisión designada para o efecto.

7.2. O presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos designará os membros da comisión de selección.

A resolución pola que se determina a composición nominal da comisión de selección, segundo o previsto no parágrafo anterior, será exposta, con anterioridade á data fixada para o primeiro exercicio, no taboleiro de anuncios do ente público. A designación nominal dos membros da comisión de selección incluírá a dos respectivos suplentes.

7.3. A comisión de selección estará composta por cinco membros coa seguinte distribución:

Presidente: un técnico da Administración da Xunta de Galicia, con titulación de licenciado ou enxeñeiro superior.

Secretario: un técnico da Administración da Xunta de Galicia, licenciado en dereito.

Vogais: tres pertencentes á Administración da Xunta de Galicia, con titulación igual ou superior á exixida á praza á que se opta.

7.4. Todos os membros da comisión de selección actuarán con voz e voto.

7.5. Os membros da comisión de selección deberán absterse de formar parte dela cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, ou se estivesen realizando tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria, e notificaranllo ao presidente da comisión. Os aspirantes poderán recusalos de acordo co artigo 29 da devandita Lei 30/1992.

O presidente da comisión poderá solicitarlles aos membros dela a declaración expresa de non atoparse incursos nas causas de abstención e recusación.

7.6. A comisión de selección non poderá constituírse validamente nin actuar se non están presentes o presidente e o secretario e polo menos dous dos seus vogais.

As decisións adoptaranse por maioría dos membros presentes, resolvendo en caso de empate o voto de calidade do presidente.

7.7. A comisión de selección queda facultada para resolver as dúbidas que xurdan da aplicación destas bases e poderá adoptar os acordos que correspondan para aqueles supostos non previstos nas bases, axustándose na súa actuación ás previsións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

7.8. A comisión de selección poderá dispoñer a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas correspondentes dos exercicios que considere pertinentes, limitándose os ditos asesores a prestar a colaboración nas súas especialidades.

7.9. Funcións da comisión:

-Elaborar as probas e garantir o seu segredo.

-Avaliar as probas e outorgarlles cualificación aos aspirantes segundo as normas desta convocatoria.

-Formalizar, mediante actas, todo o proceso de concurso-oposición e mais o resultado final, que lle será remitido ao presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos mediante certificación do secretario da comisión da lista de aspirantes por orde de cualificación, da máis alta á máis baixa.

-No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, aquel resolverase a favor do aspirante que obtivera a puntuación máis alta no primeiro exercicio, e se iso non fose suficiente, pola puntuación obtida nos sucesivos exercicios ata que aquel se dirima. De continuar este resolverase acudindo á puntuación obtida na fase de concurso e atendendo a orde dos méritos segundo figura na base 9.2. Por último, e de seguir persistindo o empate, resolverase por orde alfabética iniciándose pola letra establecida para o ano 2005 na resolución da Consellería de Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública do 26 de xaneiro de 2005 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 22, do 2 de febreiro de 2005).

7.10. En ningún caso a comisión de selección poderá aprobar nin declarar que superaron o concurso-oposición un número de aspirantes superior ao das prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña este punto será nula de pleno dereito.

7.11. Sede da comisión de selección:

Para os efectos de comunicacións e demais incidencias, a comisión terá a súa sede na rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña. Teléfono 981 95 74 01. Fax 981 95 74 03.

7.12. A comisión de selección que actúe nestas probas selectivas terá a categoría terceira das recollidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Comunidade Autónoma de Galicia.

8ª Oposición: desenvolvemento das probas.

As probas desenvolveranse en galego ou castelán.

8.1. Establécense catro tipos de probas, que se realizarán pola orde seguinte.

8.1.a) Primeiro exercicio.-Consistirá en contestar por escrito a un cuestionario de 70 preguntas tipo test, máis 3 de reserva, con catro respostas alternativas das que só unha será correcta, elixido por sorteo entre dous propostos pola comisión de selección e correspondentes ao contido do temario previsto no anexo I desta convocatoria.

O tempo máximo para a realización deste exercicio será dunha hora.

Na cualificación deste exercicio terase en conta que por cada dúas respostas incorrectas, descontarase unha correcta; as respostas en branco non puntúan; e as dobres respostas e as que non estean claras consideraranse incorrectas.

No prazo de vinte e catro horas seguintes ao día da celebración do exame, faranse públicas as respostas correctas do test no taboleiro de anuncios da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos e no lugar de realización do exercicio.

8.1.b) Segundo exercicio.-Consistirá no desenvolvemento de forma escrita dun tema de carácter xeral directamente relacionado co programa previsto no anexo I da presente convocatoria, obtido por sorteo entre dous presentados pola comisión de selección

Deberá efectuarse no tempo máximo dunha hora e media, sen o auxilio de texto ou material ningún.

8.1.c) Terceiro exercicio.-Consistirá na realización por escrito dun suposto práctico sobre aspectos relacionados coas materias correspondentes ao temario establecido no anexo I da convocatoria, elixido por sorteo entre dous propostos pola comisión de selección e para o que se lles comunicará aos aspirantes o material e os medios que, a xuízo desta, sexan necesarios para a súa resolución, non podendo ser utilizado ningún outro material de consulta e axuda polos aspirantes.

O tempo máximo de duración deste exercicio será dunha hora.

8.1.d) Cuarto exercicio.-Constará de dúas partes:

-Primeira parte: consistirá na tradución por escrito dun texto do castelán para o galego elixido por sorteo entre dous textos propostos pola comisión.

-Segunda parte: consistirá na tradución por escrito dun texto do galego para o castelán elixido por sorteo entre dous textos propostos pola comisión.

O tempo máximo para a realización de ambas as dúas partes será dunha hora.

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto nas dúas partes que constitúen o exercicio, correspondéndolle á comisión determinar o nivel de coñecementos exixido para acadar o resultado de apto.

Estarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que acrediten a posesión do curso ou validación acreditativos do nivel de perfeccionamento no coñecemento da lingua galega debidamente homologado pola Dirección Xeral de Política Lingüística da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia. Tal acreditación deberá presentarse mediante o correspondente orixinal ou fotocopia cotexada durante o prazo de presentación de solicitudes fixado na base 4.3.

8.2. Os catro exercicios de que se compón a oposición serán de carácter eliminatorio para aqueles aspirantes que non acaden as cualificacións mínimas establecidas para cada exercicio.

Os exercicios primeiro e segundo cualificaranse cada un deles de 0 a 20 puntos, sendo necesario para superalos obter en cada un dos exercicios como mínimo 10 puntos; o exercicio terceiro cualificarase de 0 a 10 puntos, sendo necesario para superalo obter como mínimo 5 puntos. Corresponderalle á comisión de selección determinar o nivel de coñecementos exixidos para acadar a puntuación mínima.

O cuarto exercicio cualificarase de acordo co disposto na base 8.1.d).

8.3. Unha vez rematada a corrección da totalidade dos exercicios das probas selectivas da oposición, a comisión de selección publicará no taboleiro de anuncios da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos e no lugar de celebración destes as puntuacións dos ditos exercicios, con indicación do DNI de cada aspirante.

8.4. Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único e será excluído quen non compareza, podéndose considerar os casos de forza maior, debidamente xustificadas e libremente apreciados pola comisión de selección. Os anuncios para a realización dos exercicios faraos públicos a comisión de selección na súa sede, con corenta e oito (48) horas de antelación, como mínimo, ao seu comezo.

8.5. As probas realizaranse a porta pechada sen outra asistencia que a dos aspirantes, membros da comisión de selección e, de ser o caso, dos colaboradores designados por esta.

8.6. En calquera momento os aspirantes poderán ser requiridos pola comisión de selección coa finalidade de acreditar a súa identidade.

9ª Concurso: baremo de méritos.

9.1. A comisión de selección avaliará os méritos que con motivo da súa experiencia profesional acrediten os aspirantes que superasen a oposición.

9.2. Experiencia acreditada, ata un máximo de 5 puntos:

-Na categoría profesional de administrativo ou similar na empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos: 0,10 puntos por mes traballado ou fracción.

-Na categoría profesional de administrativo ou similar en organismos ou entidades das administracións públicas que xestionen obras, servizos e demais infraestruturas públicas: 0,05 puntos por mes traballado ou fracción.

9.3. Os méritos enumerados deberán referirse á data de publicación da convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*.

9.4. A baremación desta fase de concurso será feita pública no taboleiro de anuncios da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, con indicación da puntuación obtida por cada aspirante. Contra a baremación, os aspirantes que o consideren oportuno poderán presentar reclamación perante a propia comisión de selección no prazo de dez (10) días hábiles a partir da exposición da dita baremación.

9.5. Á vista das reclamacións presentadas e realizadas, se é o caso, as oportunas correccións da baremación inicialmente asignada a cada aspirante, a comisión de selección incluíraas no acordo definitivo que conteña a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo.

10ª Contratación laboral e período de proba.

10.1. A empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, de acordo cos resultados do concurso-o-

posición e no suposto de haber aspirantes que superasen os mínimos exixibles establecidos nesta convocatoria, procederá á contratación con carácter fixo ata o número de vacantes fixadas no concurso-oposición, dentro do grupo de aspirantes que propoña a comisión de selección.

10.2. Para os efectos da súa contratación, e a requirimento deste ente público, os aspirantes seleccionados, deberán presentar no prazo de vinte (20) días naturais os seguintes documentos:

-Fotocopia compulsada do título exixido ou certificación académica que acredite ter realizados todos os estudos para a obtención do título ou, de ser o caso, documento que acredite fidedignamente a posesión do correspondente título académico.

-Declaración baixo a súa responsabilidade de non ter sido separado do servizo de ningunha Administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española deberán presentar declaración xurada ou promesa de non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida no seu Estado o acceso á función pública.

-Certificado médico oficial no que se acrediten os extremos sinalados na base 2.1.

10.3. Se os seleccionados, dentro do prazo fixado, salvo os casos de forza maior, non presentasen a documentación ou do exame desta se deducise que carecen dalgún dos requisitos da base 2, non poderán ser contratados e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que incorresen por falsidade na solicitude inicial.

10.4. Os aspirantes que obteñan praza deberán incorporarse no prazo máximo de tres (3) días hábiles dende a notificación, salvo casos de forza maior debidamente xustificadas; de non se efectuar, entenderase como renuncia tácita ao seu posto de traballo.

10.5. As contratacións para ocupar as vacantes do cadro de persoal fixo convocadas pola presente resolución estarán sometidas a un tempo de proba de dous (2) meses.

10.6. O desempeño de calquera posto de traballo na empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos estará sometido ás incompatibilidades previstas na Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.

#### 11ª Recursos.

A presente convocatoria e as súas bases poderán ser impugnadas mediante recurso contencioso-administrativo ante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación no DOG, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Non obstante o anterior, os interesados poderán optar por interpoñer recurso de reposición, no prazo dun

mes a contar dende o día seguinte ao da publicación desta resolución, ante o presidente da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, nos termos previstos nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro.

Así mesmo, os interesados poderán interpoñer recurso de alzada contra os actos da comisión de selección ante a presidencia deste ente público nos termos previstos no artigo 114 e concordantes da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2005

Emilio García Gallego  
Presidente da empresa pública de  
Obras e Servizos Hidráulicos

#### ANEXO I

Programa de temas que rexerá nas probas selectivas para as prazas convocadas de administrativo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Tema 1.-A norma xurídica: estrutura e caracteres. Clases de normas xurídicas. Efectos esenciais das normas. Inescusabilidade do seu cumprimento e erro de dereito. Exclusión voluntaria da lei. Actos contrarios á norma imperativa e prohibitiva. A fraude de lei: requisitos e efectos.

Tema 2.-Fontes do dereito. Os principios informadores do sistema de fontes no ordenamento xurídico español. A Constitución e o sistema de fontes. A Constitución como norma xurídica suprema e como fonte do dereito.

Tema 3.-Os dereitos fundamentais e as liberdades públicas na Constitución. Estrutura e valor normativo do título primeiro.

Tema 4.-A posición constitucional da lei dentro do sistema de fontes. As diversas manifestacións da potestade lexislativa. Leis do Estado e leis das comunidades autónomas. Leis orgánicas e leis ordinarias. O principio de reserva de lei.

Tema 5.-O costume como fonte de dereito. Os principios xerais do dereito. A xurisprudencia. Xurisprudencia ordinaria e xurisprudencia constitucional.

Tema 6.-O Estado social e democrático de dereito. A monarquía parlamentaria como forma do Estado. A institución da Coroa. Funcións do Rei. O referendo dos seus actos.

Tema 7.-As Cortes Xerais: composición, estrutura e funcións. A función lexislativa.

Tema 8.-O Goberno. Composición, funcións e estatuto dos seus membros. O control político do Goberno. Goberno e Administración.

Tema 9.-A Administración xeral do Estado. A súa organización: a Lei 6/1997, do 14 de abril. Órganos superiores e órganos directivos. A Administración periférica do Estado. Os delegados de goberno nas comunidades autónomas: carácter e atribucións.

Tema 10.-A Administración local: réxime legal vixente. A Administración local en Galicia. O municipio: concepto e o seu réxime legal. Elementos: poboación e territorio. Organización. Competencias. Eleccións locais.

Tema 11.-A provincia: concepto e o seu réxime legal. Elementos. Organización. Competencias. Réximes especiais municipais e provinciais.

Tema 12.-Réxime xurídico das corporacións locais: impugnación de acordos. Potestade regulamentaria das corporacións locais. Bens e servizos das corporacións locais. Contratación das corporacións locais.

Tema 13.-Os estatutos de autonomía: contido. Procedemento de elaboración e reforma dos estatutos. Autonomía galega: orixe e evolución. O Estatuto de autonomía de Galicia: estrutura e contido.

Tema 14.-Bases fundamentais da autonomía galega: o territorio. Os símbolos. A lingua e a cultura galegas. O recoñecemento da galeguidade. A condición de galego. Os dereitos dos cidadáns galegos: garantías. Os dereitos lingüísticos dos cidadáns galegos: a Administración pública como garantía destes.

Tema 15.-Organización política das comunidades autónomas. As institucións de autogoberno de Galicia: descrición. Sede. A Administración de xustiza en Galicia.

Tema 16.-O Goberno da comunidade autónoma. A Xunta de Galicia e o seu presidente.

Tema 17.-O Parlamento de Galicia. Sistema electoral. Funcións do Parlamento. O control parlamentario da acción do Goberno. O Valedor do Pobo.

Tema 18.-Competencias das comunidades autónomas. As transferencias de competencias do Estado ás comunidades autónomas. Reserva de competencias estatais: normativa básica. Leis de harmonización.

Tema 19.-As administracións públicas das comunidades autónomas: bases do réxime xurídico das administracións públicas. A Administración pública galega. A Administración central. As consellerías: organización e estrutura. A Administración periférica da comunidade autónoma.

Tema 20.-A Administración institucional na Comunidade Autónoma galega. As corporacións de dereito público de Galicia. As fundacións de interese galego.

Tema 21.-As relacións entre administracións públicas. As relacións entre o Estado e as comunidades autónomas: os mecanismos de cooperación e coordinación. O control sobre a actividade das comunidades.

Tema 22.-O dereito administrativo. Concepto e contido. As fontes do dereito administrativo. A primacía das fontes escritas no dereito administrativo. O valor do costume e dos principios xerais.

Tema 23.-A lei: concepto e clases. Disposicións do executivo con forza de lei: decretos-leis e decretos lexislativos. O regulamento: clases. Fundamento e

límites da potestade regulamentaria. Regulamentos ilegais: a súa impugnación. Regulamentos dos órganos constitucionais.

Tema 24.-O ordenamento xurídico de Galicia: leis de Galicia. Decretos lexislativos. Regulamentos. O réxime xurídico do exercicio das competencias autonómicas. Aplicación do dereito galego. Supletoriedade do dereito estatal. As leis estatais marco, de transferencias e de delegación.

Tema 25.-Os actos administrativos: concepto e caracteres. As diferentes clasificacións. Os elementos do acto administrativo. O contido dos actos administrativos. A motivación do acto administrativo.

Tema 26.-A notificación e publicación dos actos administrativos. A invalidez dos actos administrativos: nulidade de pleno dereito e anulabilidade. Os actos irregulares non invalidantes. A transmisibilidade, conversión, conservación e convalidación dos actos administrativos.

Tema 27.-A eficacia e executividade dos actos administrativos. A extinción e suspensión do acto en vía administrativa. A executoriedade dos actos administrativos: concepto e medios de execución forzosa.

Tema 28.-A revisión de oficio dos actos administrativos: supostos e procedemento. A impugnación xurisdiccional dos actos administrativos pola propia Administración: a declaración de lesividade. A revogación dos actos administrativos.

Tema 29.-O procedemento administrativo: concepto, natureza e fins. As clases de procedementos administrativos. A Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común: obxecto e ámbito de aplicación. Os interesados no procedemento: concepto legal, capacidade, lexitimación e representación.

Tema 30.-Os principios informadores do procedemento administrativo común. Os actos de ordenación no procedemento administrativo. As fases do desenvolvemento do procedemento administrativo: iniciación, instrución e terminación.

Tema 31.-Os termos e prazos no procedemento administrativo común. A duración do procedemento administrativo. Especial análise do silencio administrativo no ámbito do procedemento.

Tema 32.-Os recursos administrativos: concepto e caracteres. Natureza xurídica. As clases de recursos administrativos. Os requisitos xerais. O procedemento administrativo en vía de recurso. O recurso de alzada. O recurso de reposición. O recurso de revisión.

Tema 33.-Os contratos das administracións públicas: natureza, caracteres e clases. Marco legal. Ámbito de aplicación. Réxime xurídico dos contratos administrativos. Normas de procedemento. Requisitos comúns dos contratos administrativos. Capacidade para contratar con carácter xeral coa Administración.

Tema 34.-Pregos de contratación pública en xeral. Clases de expedientes de contratación administrativa.

Proposicións dos interesados na contratación en xeral. Mesa de contratación.

Tema 35.-Procedementos e formas de adxudicación dos contratos das administracións públicas con carácter xeral. Notificación das adxudicacións. Formalización do contrato. Garantías esixibles nos contratos administrativos: clases, constitución e cancelación. Invalidez dos contratos.

Tema 36.-Execución dos contratos das administracións públicas en xeral: prerrogativas da Administración e equilibrio financeiro, demora na execución e prórroga. Modificación e suspensión dos contratos administrativos con carácter xeral.

Tema 37.-Cesión e subcontratación nos contratos das administracións públicas. Referencia á clasificación e á revisión de prezos nos contratos administrativos con carácter xeral. Extinción dos contratos administrativos en xeral.

Tema 38.-A responsabilidade patrimonial da Administración. Características da institución no sistema español. Lesión determinante, suxeitos imputables e causas de imputación. A extensión da reparación. A acción de responsabilidade.

Tema 39.-As propiedades administrativas en xeral. Clases. Os bens patrimoniais da Administración. O dominio público: concepto, natureza xurídica e elementos. Réxime xurídico do dominio público.

Tema 40.-A Administración hidráulica de Galicia: normativa, ámbito de aplicación e principios informadores. Organización e competencias. Os entes especiais da Administración hidráulica de Galicia: configuración xurídica, esquema organizativo e funcións.

Tema 41.-A empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (I): natureza xurídica. Lei de creación da empresa pública e disposicións normativas reguladoras. Domicilio legal e adscrición orgánica. Obxecto e desenvolvemento regulamentario.

Tema 42.-Organización interna da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (II): órganos administrativos, representación e réxime de adopción de acordos. Réxime xurídico da empresa. Relacións entre a empresa e o seu persoal. Réxime económico, financeiro e orzamentario da empresa.

Tema 43.-A regulación dos convenios da Administración da Xunta de Galicia, en réxime de cooperación, con outras administracións en materia de execución de obras públicas. O réxime xurídico específico de colaboración da Administración hidráulica de Galicia coa Administración local en relación coas infraestruturas hidráulicas e de saneamento. Os convenios de colaboración entre as administracións públicas na Lei 30/1992, do 26 de novembro: suxeitos, contido e efectos.

Tema 44.-O réxime xurídico da función pública española. As bases do réxime estatutario dos funcionarios públicos. O persoal ao servizo das administracións públicas.

Tema 45.-A función pública galega: bases do seu réxime xurídico. Persoal funcionario e persoal laboral. A xestión do persoal ao servizo da Xunta de Galicia. Sistemas de acceso. Provisión de postos de traballo. Promoción. Situacións administrativas dos funcionarios. Dereitos, deberes e réxime disciplinario.

Tema 46.-Persoal laboral. O convenio colectivo único do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Tema 47.-As retribucións do personal. Nóminas: estrutura e normas de confección. Altas e baixas: xustificación.

Tema 48.-Seguridade e hixiene no traballo. A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais. Actuacións das administracións públicas: competencias. Dereitos e obrigas dos traballadores e empresarios en materia de prevención. Os servizos de prevención de riscos. Participación dos traballadores.

Tema 49.-O contrato de traballo. Modalidades.

Tema 50.-O sistema español de Seguridade Social. Réxime xeral. Afiliación e cotización no sistema da Seguridade Social. Altas e baixas. Acción protectora: continxencias cubertas e prestacións. Asistencia sanitaria. Incapacidade temporal. Maternidade. Invalidez. Xubilación. Morte e supervivencia.

Tema 51.-As comunidades europeas. Natureza, obxectivos e fins. Nacemento e fases da súa evolución. A Acta Única Europea. O Tratado da Unión Europea. A integración de España na Comunidade Europea. O Tratado de Amsterdam.

Tema 52.-As institucións comunitarias e o seu funcionamento: o Consello, a Comisión, o Parlamento, o Tribunal de Xustiza e o Tribunal de Contas.

Tema 53.-As competencias da comunidade. O marco de atribucións concedidas polos tratados. O desenvolvemento das competencias comunitarias. As relacións entre a competencia comunitaria e a competencia nacional. Participación dos entes territoriais non estatais no proceso decisorio.

Tema 54.-O modelo económico español no marco da economía mundial. O sector primario. O sector industrial. O sector servizos.

Tema 55.-Os orzamentos do sector público en España. O gasto público: evolución e distribución actual. O seu financiamento. O déficit público.

Tema 56.-O sistema fiscal español. Estrutura actual. Os ingresos públicos: concepto e clasificación. O sistema tributario español: réxime actual. Taxas e prezos públicos.

Tema 57.-O sistema financeiro español. Estrutura. Evolución recente. A política monetaria. O Banco de España.

Tema 58.-O financiamento das comunidades autónomas. Principios e recursos financeiros. Tributos propios e cedidos. A corresponsabilidade fiscal.



Tema 59.-A estrutura económica de Galicia, sectores produtivos e relacións intersectoriais.

Tema 60.-A Lei xeral orzamentaria e as leis anuais de orzamentos.

Tema 61.-O orzamento: concepto e natureza. Contido. Estrutura. Elaboración. Aprobación.

Tema 62.-Modificacións orzamentarias. Créditos extraordinarios e suplementos de créditos. Transferencias. Outras modificacións orzamentarias. O procedemento de execución orzamentaria. Fases.

Tema 63.-O control orzamentario. Concepto. Natureza e ámbito de aplicación. Clases.

Tema 64.-A Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e orzamentario de Galicia. A facenda da comunidade. Os orzamentos da comunidade autónoma. Control orzamentario: o Consello de Contas.

Tema 65.-O concepto de informática. Desenvolvemento histórico. A información e o ordenador electrónico. Nocións sobre microordenadores. Elementos físicos. Sistema operativo. Programa de aplicación.

Tema 66.-A automatización de oficinas. Concepto e aplicacións. Sistemas físicos e lóxicos. O tratamento de textos. Arquivo e axenda electrónica. A folla electrónica de cálculo. Os gráficos de oficina e o correo electrónico. O SXPA. Os rexistros administrativos da Xunta de Galicia.

ANEXO II

SOLICITUDE DE ADMISIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCESO SELECTIVO PARA O INGRESO COMO PERSOAL LABORAL FIXO DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	DNI
------------------	-----------------	------	-----

ENDEREZO
----------

LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO
------------	-----------	---------------	----------

DATA DE NACEMENTO	LOCALIDADE	PROVINCIA	NACIONALIDADE
-------------------	------------	-----------	---------------

PRAZAS CONVOCADAS	(DOG nº ..... de ..... de ..... de 20...)
Administrativo	<input type="checkbox"/> Acceso libre
<input type="checkbox"/> Promoción interna	

EN CASO DE MINUSVALIDEZ OU DISCAPACIDADE, ADAPTACIÓN QUE SE SOLICITA E MOTIVO DESTA
-------------------------------------------------------------------------------------

A persoa que abaixo asina solicita ser admitida no proceso selectivo ao que se refire esta instancia e DECLARA que son certos os datos consignados nela, que reune as condicións exixidas na convocatoria anteriormente citada, e comprométese a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude, así como que coñece as bases que reterán a selección e que as asume e acepta na súa integridade.

En ..... de ..... de .....

Asdo: .....

PRESIDENTE DA EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS

R/ Doutor Maceira nº 18-15706-Santiago de Compostela (A Coruña)

Instrucións.

\* Instrucións xerais.

-Escribir só á máquina ou con bolígrafo sobre superficie dura, empregando maiúsculas tipo imprenta.

-Os datos deben resultar claramente lexibles.

-Evitar dobrar o papel e realizar correccións, emendas ou riscaduras.

-Asinar a solicitude.

-Achegar o impreso de autoliquidación de taxas debidamente cuberto e selado pola entidade bancaria.

-Xuntar a documentación acreditativa dos requisitos de admisión, segundo o establecido na convocatoria.

-Xuntar fotocopia cotexada da exención do pagamento das taxas, de ser o caso.

\* Instrucións particulares.

-Categoría: facer constar a categoría á que se opta, segundo a denominación que figura na base 1.1 da convocatoria.

-No suposto de persoas con invalidez ou discapacidade, especificar as posibles adaptacións de medios para a realización dos exercicios no caso de que sexa necesario, e os motivos desta adaptación.

## ANEXO III

 <p><b>XUNTA DE GALICIA</b> CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E FACENDA</p>	<p><b>TAXAS da COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA</b></p> <p>Lei 6/2003, do 9 de decembro Decreto 172/1992, do 26 de xuño</p> <p><b>AUTOLIQUIDACIÓN</b></p>	<p><b>Modelo</b></p> <p style="font-size: 2em; text-align: center;"><b>A</b></p> <p style="text-align: center;"><b>EUROS</b></p>					
<b>A-</b>							
<b>CÓDIGOS</b>	Consellería de Medio Ambiente	Código:	1 5				
	Delegación de Servizos Centrais	Código:	1 3				
	Servizo de empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos	Código:	1 3				
	Taxa: denominación inscrición na convocatoria para a selección de administrativo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos	Código:	3 0 0 3 0 0				
<b>SUXEITO PASIVO</b>	NIF	APELIDOS E NOME OU RAZÓN SOCIAL					
	VÍA PÚBLICA	NÚMERO	ESCAL.	PISO	PORTA	TELÉFONO	
	CONCELLO	PROVINCIA				CÓDIGO POSTAL	
<b>LIQUIDACIÓN</b>	BASE DE CÁLCULO OU BASE IMPOÑIBLE OU UNIDADES	TIPO OU TARIFA	IMPORTE QUE HAI QUE INGRESAR				
	Aboamento dos dereitos de inscrición	28,09	TOTAL <span style="border: 1px solid black; padding: 2px 10px;">28,09</span> €				
..... de ..... de 20..... Sinatura do declarante ou representante legal							
Selo		Data			Número		
<p><b>IMPORTANTE:</b> o ingreso deberá realizarse en calquera das sucursais das entidades financeiras colaboradoras na recadación.</p>							

*Resolución do 11 de maio de 2005 pola que se anuncia a convocatoria de tres prazas de persoal laboral fixo para a empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.*

En cumprimento da Lei 10/1996, do 5 de novembro, de actuación de entes e empresas nas que ten participación maioritaria a Xunta de Galicia, en materia de persoal e contratación, e de acordo co Decreto 125/1996, do 7 de marzo, polo que se aproban os estatutos da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos, co seu Regulamento de selección e contratación de persoal deste ente público, e coas facultades que teño conferidas polos estatutos citados; e logo do informe favorable emitido conxuntamente polas consellerías da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e de Economía e Facenda,

**RESOLVO:**

Convocar o proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos de acordo coas seguintes bases da convocatoria:

1ª Normas xerais.

1.1. Convócanse probas selectivas para cubrir tres (3) prazas de auxiliar administrativo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos.

Por non se acadaren as porcentaxes mínimas exixidas, non se reserva ningunha praza para ser cuberta por persoas con discapacidade igual ou superior ao 33%, de conformidade co previsto no Decreto 200/2002, do 6 de xuño.

1.2. O procedemento de selección será o concurso-oposición, coas probas, exercicios, sistemas de cualificación, temario, baremación e relación de méritos que se especifican nestas bases.

1.3. O primeiro exercicio da oposición realizarase transcorrido, como mínimo, un (1) mes desde a publicación no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) da presente convocatoria, expoñéndose a data deste exercicio así como dos seguintes no taboleiro de anuncios da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos (rúa Doutor Maceira nº 18, 15706 Santiago de Compostela, A Coruña), e no lugar da realización das probas.

1.4. Os aspirantes aos que lles sexan adxudicadas as prazas serán contratados en réxime de laboral fixo e a resolución dos nomeamentos dos candidatos seleccionados como persoal laboral fixo na categoría convocada farase pública na sede do ente público.

1.5. A formalización do contrato e a incorporación definitiva dos seleccionados producirase segundo as necesidades da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos. Mentres non se formalice o contrato correspondente, os aspirantes non terán ningún dereito fronte á empresa.

2ª Requisitos mínimos de admisión dos candidatos.

2.1. Para seren admitidos os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

-Ser español ou nacional dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea, ou nacional dalgún

Estado, ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar o cónxuxe dos españois, dos nacionais dalgún dos demais Estados membros da Unión Europea e dos nacionais dalgún Estado ao que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito, así como os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un (21) anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas.

-Ter cumpridos os dezaioito (18) anos de idade e non ter acadado a idade de xubilación.

-Estar en posesión ou en condicións de obter o título oficial de graduado en educación secundaria ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberá estarse en posesión de documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

-Posuír a capacidade funcional física e psíquica para o desempeño das tarefas e funcións correspondentes á vacante á que se opta, para o que presentará un certificado médico acreditativo se resulta seleccionado.

-Non estar separado do servizo de ningunha Administración Pública en virtude de expediente disciplinario nin encontrarse inhabilitado por sentenza firme para o exercicio de funcións públicas.

Os aspirantes que non posúan nacionalidade española deberán acreditar igualmente non estar sometidos a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á función pública.

2.2. Todos os requisitos deberán posuírse no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manterse ata o momento de incorporarse a ocupar a praza logo do asinamento do correspondente contrato.

3ª Coñecementos necesarios para cubrir os postos.

O programa de temas que corresponde ás prazas convocadas e que rexerá no proceso selectivo para o ingreso no cadro de persoal laboral fixo da empresa pública de Obras e Servizos Hidráulicos contense no anexo I da presente resolución.

4ª Solicitudes.

4.1. Quen desexe tomar parte no concurso-oposición deberá presentar solicitude, en instancia axustada ao modelo que figura como anexo II desta resolución, xuntando ademais:

-Fotocopia do DNI.

Os aspirantes que non posúan a nacionalidade española e teñan dereito a participar deberán presentar unha fotocopia do documento que acredite a súa nacionalidade e, de ser o caso, os documentos que acrediten o vínculo de parentesco e o feito de